



# **PROTOCOLO DE FUNCIONAMIENTO DO COMEDOR ESCOLAR**

---

**CEIP PLURILINGÜE DE FOZ NÚMERO 1**

# Índice

<b>1. Lexislación .....</b>	<b>3</b>
<b>2. Contextualización .....</b>	<b>3</b>
<b>3. Selección e admisión de alumnado .....</b>	<b>4</b>
<b>4. Tarifas do servizo de comedor .....</b>	<b>5</b>
<b>5. Elaboración dos menús .....</b>	<b>6</b>
<b>6. Normas xerais .....</b>	<b>6</b>
<b>7. Seguimento e avaliación .....</b>	<b>11</b>

## 1. Lexislación

O presente protocolo de uso do comedor escolar, fundaméntase na seguinte lexislación vixente:

- Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- Instrucións anuais, establecidas pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta.

## 2. Contextualización

Tal e como recolle o Decreto 132/2013, partindo do artigo 120 da LOE, “Os centros disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos nesta lei e nas normas que a desenvolvan”.

Neste sentido, o comedor escolar debe entenderse como un recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación básica obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade, ademais de servir de instrumento para a conciliación da vida laboral e familiar.

A modalidade de xestión do comedor escolar do noso centro é de xestión indirecta da consellería con competencias en materia de educación a través da concesión do servizo a unha empresa externa.

Na actualidade temos concedido un total de 76 prazas de comedor. A selección e admisión de usuarios do servizo de comedor correspóndelle ao consello escolar do centro de acordo co procedemento que se determine na normativa de desenvolvemento do decreto 132/2013.

Os equipos directivos son os encargados de elaborar, de conformidade cos requirimentos esixidos pola normativa aplicable e, se é o caso, coas instrucións emanadas da consellería con competencias educativas, o presente protocolo propio de funcionamento, que terá que ser aprobado polo consello escolar.

### 3. Selección e admisión de alumnado

Durante os meses de xuño e xullo do ano en curso, o centro determinará as datas para a recollida de solicitudes de comedor escolar. No caso de existir máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o consello escolar, no marco establecido polo artigo 4 do Decreto 132/2013, revisará e baremará a totalidade das ditas solicitudes, avaliándoas, segundo dispón o artigo 7.5 da Orde do 21 de febreiro de 2007, de acordo coa seguinte preferencia:

1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
3. Alumnado membro de familias numerosas, acreditando co correspondente título ou carné expedido para tal efecto.
4. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente.
5. Outro alumnado do centro, escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde.
6. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro.

As listas provisionais de admitidos ao comedor escolar e as listas de reserva elaboradas polo consello escolar expóranse, de acordo co disposto no Regulamento 2016/678 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de datos persoais e á libre circulación destes datos, con referencia exclusiva aos nomes e apelidos dos usuarios e a posición

ocupada nestas listas, nos taboleiros de anuncios dos centros, abríndose un prazo non inferior a 5 días para presentación de alegacións.

Unha vez resoltas as alegacións polo consello escolar, este aprobará con carácter definitivo a lista dos admitidos e a lista de reserva, que volverá a ser exposto no centro, para o efecto de que, no seu caso, se deduzan os oportunos recursos dealzada ante as Xefaturas Territoriais da consellería.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do centro.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, antes das 9:30 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días.

#### 4. Tarifas do servizo de comedor

O centro achegará ás familias dos comensais admitidos provisionalmente ao comedor o modelo-impreso de autodeclaración de prezos públicos que deberán ser entregadas nos centros cubertas antes do 15 de setembro do ano en curso.

Mediante dito impreso os adultos que exerzan a patria potestade, a tutela ou o acollemento familiar dos alumnos autodeclararán as circunstancias de carácter persoal e de renda neta *per cápita* correspondente ao exercicio fiscal correspondente, e, conseguintemente, determinarán a contía da tarifa que lles corresponde aboar, de acordo cos tramos fixados no Decreto 132/2013. Estarán obrigadas ao pagamento das tarifas pola prestación do servizo de comedor:

- Os pais, nais, titores legais, no nome e por conta do alumnado usuario, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.
- As restantes persoas usuarias do comedor escolar segundo o sinalado no citado Decreto, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.

O uso do comedor, dará lugar ao aboamento da tarifa que corresponda segundo a declaración da renda familiar anual, podendo ser de 1€, 2,50€ ou 4,50€.

A tarifa para o persoal docente ou non docente destinado no centro escolar, auxiliares de conversa e alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grado equivalente, que non teña responsabilidades na organización dos comedores nin o coidado dos comensais e faga uso do comedor escolar, será de 4,50€.

O pagamento das tarifas producirase mensualmente. O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes.

Dado que o comedor escolar é de xestión indirecta, será a empresa a encargada realizar o cobro mensualmente.

A falta de pagamento do servizo dará lugar á imposibilidade de continuar utilizándoo.

## 5. Elaboración dos menús

Segundo o artigo 17, do Decreto 132/2013, a elaboración dos menús farase de xeito que proporcione ao alumnado unha dieta equilibrada adaptada ás necesidades nutricionais de cada grupo de idade, contribuíndo ao seu mellor desenvolvemento físico e favorecendo, á vez, a adquisición de hábitos alimentarios saudables.

Ao ser o comedor de xestión indirecta, corresponde á empresa adxudicataria a elaboración dos menús que deberán presentar no centro antes do comezo. Os menús estarán publicados na páxina web do centro.

## 6. Normas xerais

1. Na organización do servizo de comedor escolar, o centro considerará a atención ao alumnado usuario nos períodos anteriores e posteriores ao uso do mesmo.
2. O comedor escolar comezará o primeiro día lectivo do mes de setembro e rematará o último día lectivo do mes de xuño.

3. Os pais/nais/titores legais, comprométense a que os seus fillos fagan uso do servizo do comedor escolar de acordo co presente protocolo de funcionamento do comedor escolar.
4. A solicitude de baixa do servizo de comedor escolar, comunicarase con unha antelación de, cando menos, unha semana do inicio do mes en que se pretenda facer efectiva a baixa.
5. Todos os meses, publicarase na páxina web do centro o menú correspondente. Esta información facilitará ás familias a preparación dunha dieta completa para os seus fillos, completando no resto de comidas o inxerido no comedor. Será responsabilidade da empresa adjudicataria transmitir esta información ao centro.
6. Todos o alumnado debe respectar as Normas de Funcionamento e de Convivencia do comedor: aseo, entrada ao comedor, conduta e hábitos de comida.
7. O incumprimento por parte do alumnado das Normas de Funcionamento e da Convivencia do comedor, así como o impago das mensualidades, pode chegar a supoñer a baixa do servizo de comedor de forma temporal ou definitiva.
8. Para calquera tema relacionado co comedor escolar, deben dirixirse á dirección do centro.
9. O horario do comedor escolar é de 14:00 a 15:30 horas. O alumnado chegará acompañado do mestre correspondente. Os pais poderán recoller aos seus fillos no horario de saída, non antes, salvo excepcionalmente concorra causa maior. Nese caso empregarán o timbre de entrada ao centro, sendo o persoal de atención ao comedor o que lle fará entrega do/a alumno/a na porta de entrada, absténdose en todo momento de entrar nas instalacións escolares durante este horario.
10. Entre os meses de outubro a maio, en horario de 15:30 a 17:00, o alumnado que precise permanecer no centro educativo por necesidades de conciliación da vida laboral e familiar, poderá facelo e estará ao cargo dun mestre do centro. As familias que precisen este servizo deberán presentar a documentación relacionada que certifique dicha circunstancia.
11. O persoal do comedor escolar disporá de listado telefónico do alumnado que asiste ao mesmo a fin de localizar ás familias en caso de que xurdise algún tipo de continxencia

e deban acudir ao mesmo para recoller ou atender ao seu/súa fillo/a. Se o feito revestise carácter grave, avisaríase inmediatamente ao director do centro.

## OBXECTIVOS BÁSICOS DO COMEDOR ESCOLAR

### 1. Educación para a saúde:

- Desenvolver hábitos alimenticios e actitudes saudables no alumnado.
- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta educación para a saúde.
- Iniciarse en gustos variados e na inxestión de todo tipo de alimentos.
- Manter posturas correctas na mesa.
- Desenvolver hábitos no uso adecuado dos utensilios relacionados coa comida.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
- Interesar ás familias nos beneficios que podan obterse dunha colaboración conxunta cos responsables do comedor, tanto no referido á saúde do alumnado, como na súa educación nutricional.
- Concienciar ás familias nos patróns de conduta adquiridos no comedor do centro educativo e a importancia de continuar cos mesmos no seu fogar.

### 2. Educación para a convivencia:

- Desenvolver a autonomía persoal do alumnado.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación durante o servizo de comedor.
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia fronte a todos os membros da comunidade escolar, potenciando a integración e convivencia de alumnado de diferentes idades, culturas, sexo, capacidades físicas e psíquicas.
- Lograr un comportamento correcto na mesa.
- Lograr un ambiente sen moito ruído, evitando gritos e dialogando de forma distendida.
- Coidar e respectar os locais, mobiliarios, equipamento e utensilios de uso comunitario.



## FUNCIÓNS DO PERSOAL DE ATENCIÓN AO ALUMNADO NO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do equipamento de comedor.
- Axudar ao alumnado que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Informar ao equipo directivo do centro, empregando o modelo de incidencias establecido nas NOFC do centro, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do equipamento de comedor.
- Calquera outra función que se lle poda ser encomendada pola persoa que exerce a dirección do centro, para o adecuado funcionamento do comedor escolar.

## DEREITOS DAS FAMILIAS CON RESPECTO AO COMEDOR ESCOLAR

- Dereito a recibir un servizo de calidade para os/as seus/súas fillos/as.
- Dereito a que a empresa concesionaria para o comedor pola Consellería de Educación cumpra coas medidas de seguridade e hixiene establecidas no artigo 13 da Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar.
- Dereito a un menú san e equilibrado de acordo coas recomendacións e orientacións dietéticas da Consellería competente na materia.
- Dereito a que os seus/súas fillos/as estean correctamente atendidos e reciban un trato educado por parte do persoal de atención ao comedor.

- Dereito a ser atendidos en aquelas demandas que sexan factibles ou se aprecien lóxicas por parte da dirección do centro.

#### DEBERES DAS FAMILIAS CON RESPECTO AO COMEDOR

- Respetar as normas establecidas nas NOFC (Normas de Organización e Funcionamento do Centro) para o bo funcionamento do comedor, respectando o non acceso ás áreas restrinxidas para o uso exclusivo de alumnado e persoal de atención, puntualidade nos horarios de recollida...
- Respetar ao persoal de atención ao comedor e atender en todo momento as súas indicacións, pois diso depende o correcto funcionamento do servizo e a seguridade do alumnado.

#### DEBERES DO ALUMNADO CON RESPECTO AO COMEDOR

- Cumprir as normas de convivencia estipuladas nas NOFC, para calquera actividade educativa.
- Respetar, obedecer e tratar con educación ao persoal de atención ao comedor, para un bo funcionamento do servizo.
- Coidar e usar correctamente os espazos, mobiliario e utensilios do comedor; así como manter un comportamento educado e correcto.
- O non cumprimento das normas básicas de convivencia pode conducir ás sancións estipuladas nas NOFC, ou a perda (en caso de reincidencia) do dereito ao uso do comedor, xa que non é un servizo obrigatorio.

## 7. Seguimento e avaliación

O presente protocolo de funcionamento do comedor escolar foi elaborado polo equipo directivo no curso escolar 2021/2022. Substitúe ao anterior protocolo por quedar obsoleto no tempo e será obxecto de avaliación anualmente no mes de setembro.

### **DATAS DE PRESENTACIÓN:**

- Presentado ao Claustro de profesores: 14/02/2022
- Avaliado polo Consello Escolar: 15/02/2022
- Aprobado pola dirección do centro: 15/02/2022

### **REVISIÓNS:**

- 17/10/2022 – Polo Claustro e Consello Escolar.
- 30/10/2023 – Polo Claustro e Consello Escolar.